

1 Le o poema e responde as preguntas.

Tarde baixa

Sol de outono no mar calmo fungue o lume;
alá, lonxe, chirra un carro no camiño;
canta a auga no rodicio do muíño
e recende dos fiunchos o cheirume.

Por enriba dos tellados rube o fume;
esbardallaban as laverclas entre o liño;
roxa lúa, con fazulas do meniño,
aparece da montaña sobre o cume.

Zoa a mística campana. Nos lameiros
unha fruta; a dos sapos agoreiros.
Anda o trasno gargallando nos pinares.
Van e veñen luces roxas polo monte.
As rapazas van con medo cara á fonte.
Bravo, céltigo aturuxo fende os ares.

RAMÓN CABANILLAS: *No desterro*, Edicións Xerais

- a) Como se chama cada unha das liñas do poema? Verso.....
- b) Cantas estrofas ten o poema? Cinco.....
- c) Que tipo de rima predomina? En que consiste? Rima consonante, consiste en que coinciden vogais e consoantes.....

2 Subliña os conectores que haxa neste texto e despois clasifícaos na táboa segundo a función que cumpran.

En primeiro lugar, quero darlle as grazas por este premio ao director da película, é dicir, a Xurxo Casais, porque me elixiu de entre centos de nenas coma min para facer esta película. Tamén quero darlles as grazas a Carmiña e a Antón, ou sexa, aos meus pais, porque me deixaron facer a película e me deron o seu cariño e apoio. Mándolles unha aperta moi forte aos meus compañeiros e mestres do colexio Fonte Clara de Tui. Por último, estou moi contenta pero un pouco triste, xa que a miña irmá non puido estar hoxe aquí. Non obstante, estame a ver. Un bico, Estrela!

Engadir información	Facer aclaracións	Marcar orde	Indicar causa ou finalidade	Indicar oposición
<u>Tamén</u>	<u>é dicir</u>	<u>En primeiro lugar</u>	<u>porque</u>	<u>pero</u>
<u>e</u>	<u>ou sexa</u>	<u>Por último</u>	<u>xa que</u>	<u>Non obstante</u>

3 Analiza as seguintes formas verbais do texto anterior.

quero

1.^a persoa, singular, presente de indicativo, 2.^a conjugación, voz activa, verbo *querer*, irregular.

elixiu

3.^a persoa, singular, pretérito de indicativo, 3.^a conjugación, voz activa, verbo *elixir*, regular.

deixaron

3.^a persoa, plural, **Pret.** de indicativo, 1.^a conjugación, voz activa, verbo *deixar*, regular.